

Quen comía daquelas un chourizo!

Estando outro día na uceira, díxome meu pai:

- *Vaite á casa e traes unha picaraña para arrincar os cotaños máis pequenos.*

Eu fun. Había un quilómetro e medio máis ou menos dende o monte ata a casa.

Pero polo camiño xa ía cavilando:

- *Cando chegue á casa, como non haxa ninguén, hei comer algo.*

Pasabamos moita fame... E o monte aínda a aumentaba...

Cheguei á casa e berrei por miña nai. Non contestou. Non había de estar lonxe porque o lume estaba aceso. Collín unha tixola, boteille unha pouca graxa, e púxena no trespés enriba do lume. Fun á carneira, collín un chourizo e un ovo, e púxenme a fritilos. Cando estaban a medio facer, sentín andar na porta. Era meu pai! Eu tardaba e viña mirar de min. E claro, eu, co medo, collín a tixola e agocheina debaixo da artesa pensando que meu pai non se daría conta do que estaba facendo.

E como non se había dar conta... O cheiro do chourizo frito recendía en todo o lugar. Entrou na cociña. Eu estaba branco! Aínda se sentía o ruxir do chourizo na graxa quente da tixola debaixo da artesa. Quedou mirando para min, sen dicirme nada. Agachouse, colleu a tixola e púxo a enriba da artesa. Despois botou man dun prato e envorcou nel o ovo e o chourizo. Cortou unha rebada de pan, e puxo todo diante de min. E sen me dicir nada, sentou no escano e quedouse mirando para min... Púxenme a comer... Eu co medo non o daba tragado! Pero el non se moveu.

Ao que acabei de papar, levantouse e díxome:

- *Vamos para a uceira que se fai tarde e o traballo non se fai só.*

El ben sabía que eu tiña fame... Todos tiñamos fame! Había moita miseria! Os ovos eran para venderlles ás oveiras. E os chourizos estaban contados...

Quen comía daquelas un chourizo!